

BASES FESTIVAL DOS MAIOS 2023

O Excmo. Concello de Cambados, a través da Concellería de Cultura, convoca o FESTIVAL DOS MAIOS os días 28 e 29 de abril de 2023 no Parque de Torrado.

O festival, obxecto desta convocatoria, rexeráse polas seguintes Bases:

1.- Obxecto.

1. As presentes bases teñen por obxecto a regulación da participación e concesión dos premios do Festival dos Maios 2023.

2. Este concurso rexeráse polo establecido na presente convocatoria; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; no Regulamento Xeral da Lei de Subvencións aprobado por Real Decreto 886/2006, de 21 de xullo; na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; no Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas; na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados (BOPPO nº 217 de 10 de novembro de 2004) e nas restantes normas de dereito administrativo que no seu caso sexan aplicables, e na súa falta, as normas de dereito privado.

2.-Aplicación orzamentaria.

Os gastos inherentes ao presente concurso por un total máximo de 2.450,00 euros se imputarán á aplicación 3380.48100 do orzamento de gastos.

3.- Participantes.

1. Poderán tomar parte neste concurso todas as persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou colectivos, sen máis limitacións cas impostas pola legalidade vixente.

2. En todo caso as persoas participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvención.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Cambados.
- Estar ao corrente, se fora o caso, das súas obrigas coa Seguridade Social.

3. O número máximo de grupos participantes será de 14. No caso de superar esta cantidade, seleccionaranse por orde de inscrición, dándolle prioridade ás que contén con máis integrantes domiciliados en Cambados. Polo tanto, será a Organización quen, nos días seguintes tras finalizar o prazo de inscrición, contacte con aquelas que finalmente participen. A orde de actuación será a mesma que a de inscrición.

4. Os grupos estarán formados por un mínimo de 10 persoas, e terán un representante legal maior de idade, que asuma a responsabilidade en todos os supostos derivados da participación neste festival.

4.- Publicación da convocatoria e prazo de presentación.

1. As inscricións poderán ser presentadas a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

2. A inscrición deberá facerse obrigatoriamente na Biblioteca Municipal Luís Rei, no modelo de inscrición normalizado (Anexo I), indicando:

- Nome do grupo.
- Nome, CIF, enderezo e teléfono da Asociación (no caso de ser unha asociación legalmente constituída). Farase constar así mesmo o nome e DNI do representante da Asociación.
- Nome, apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante (no caso de ser un grupo informal e non unha asociación constituída).

3.- Xunto coa instancia de inscrición deberá achegarse obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI do representante do grupo (no caso de grupos informais).
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).
- Copia do certificado de conta bancaria da Asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso da gratificación.

4.- O prazo de presentación da documentación será ata o xoves 27 de abril de 2023. As solicitudes recolleranse na biblioteca de luns a venres de 10.00h a 14.00h e de 16.00h a 21.00h, e os sábados de 10.30h a 13.30h.

5.- Normas de participación.

Os maíos deberán ter como mínimo 1 metro de alto e 70x70 centímetros de base.

- Os grupos dos centros educativos deberán estar o venres 28 de abril de 2023, ás 11:00h, na Praza do Concello para o desfile ata o Parque de Torrado, en caso de mal tempo trasladarase o festival para o Salón José Peña.
- Os grupos que non sexan de centros educativos deberán estar o sábado 29 de abril de 2023, ás 18 horas, na Praza do Concello para o desfile ata o Parque de Torrado, en caso de mal tempo trasladarase o festival para o Salón José Peña. Cada grupo deberá presentar un maío, realizado con materiais tradicionais, relacionado coa data que se celebra.
- Os grupos contarán con medios propios para faceren a súa actuación e terán un máximo de 20 minutos dende que suban ata que baixen do escenario. Establécese igualmente un mínimo de 2 pezas musicadas para poder participar.
- A actuación realizarase segundo a orde establecida no momento da inscrición, da que deberán estar pendentes cada un dos seus representantes.
- Os grupos non poderán usar na súa actuación medios ou materiais que supoñan un perigo para as persoas.
- Unha vez rematado o festival, os grupos retirarán do espazo no que se realice todas

as súas pertenzas.

- Os grupos que o precisen comprométense a entregar, con tempo suficiente (a través dun CD, memoria extraíble...), ao técnico do son os arquivos de música que queiran reproducir durante a súa actuación. Deberán concretar co antedito técnico formato e calidade para evitar problemas durante a actuación.
- Os grupos terán a obriga de entregar o mesmo día da inscrición 2 exemplares das súas letras ou pezas na biblioteca, para incorporalas ao arquivo municipal. Ao presentar as coplas, especificarase se son novas ou pezas tradicionais relacionadas con estas datas.

6. Premios.

Tódolos grupos participantes terán dereito a unha gratificación de 175,00 €, excepto que a organización acorde que non cumpran as presentes bases.

Establécense un límite máximo de consignación orzamentaria de 2.450,00 euros.

7.- Concesión dos premios.

1. Ao remate do festival todos os representantes legais deberanse reunir coa organización para asinar os documentos xustificativos pertinentes (Anexo III), mostrando o seu DNI.

2. O ingreso dos premios farase nos días posteriores a través de transferencia bancaria no número de conta aportado, unha vez sexa emitido informe proposta polo departamento de Cultura e adoptado acordo de concesión polo órgano competente.

3. O Acordo de concesión dos premios será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións.

4. O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

8.- Compatibilidade con outras axudas.

Os presentes premios serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais.

9.- Aceptación.

A participación neste Concurso implica necesariamente a aceptación de todos e cada un dos puntos das Bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

Os grupos, coa aceptación destas bases, dan o seu visto e praxe a posibles difusión e explotacións do contido do evento, que será, en todo caso, responsabilidade do Concello de Cambados.

10.- Norma final.

En todos aqueles aspectos que non se encontren expresamente contemplados nas presentes bases ou na normativa de aplicación a organización queda facultada para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do festival.

11. Entrada en vigor.

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación dun extracto das mesmas no BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra), unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) estarán a disposición dos interesados, xunto a ficha de inscrición, na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>).

ANEXO I
INSTANCIA DE INSCRIPCIÓN FESTIVAL DOS MAIOS

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____
en representación do grupo / Asociación _____
_____ con CIF _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____

SOLICITA

A participación no FESTIVAL DOS MAIOS 2023 convocado polo Concello de Cambados.

Achégase así mesmo a seguinte documentación:

- Copia do DNI do representante do grupo (no caso de grupos informais).
- Copia do CIF da Asociación e copia do DNI do representante (no caso de ser unha asociación legalmente constituída).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado (Anexo II).
- Copia do certificado de conta bancaria da Asociación ou do representante do grupo (no caso de grupos informais) para o ingreso da gratificación.

En Cambados, a _____ de _____ de 2023
(Sinatura)

A entrega de presente instancia de inscrición cuberta, implica a aceptación das bases do festival e a participación no mesmo conforme a elas

ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____
en representación do grupo / Asociación _____
_____ con CIF _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que o grupo / Asociación _____:

- Non está incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da condición de beneficiario que recolle o artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, e coa Seguridade Social, e co Concello de Cambados.

E para que conste e surta os efectos oportunos, asina a presente declaración.

En Cambados, a _____ de _____ de 2023

(Sinatura)

ANEXO III

FICHA DE BENEFICIARIO FESTIVAL DOS MAIOS 2023

D/D^a _____, con DNI _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____
en representación do grupo / Asociación _____
_____ con CIF _____
con domicilio en _____
_____ e teléfono nº _____

Resultou beneficiario dunha gratificación por importe de 175 €
pola participación no FESTIVAL DOS MAIOS 2023, celebrado en Cambados os días 29 e 30
de abril de 2023.

Sinatura:

CONFORME, o Concelleiro de Cultura, Constantino Cordal Rodríguez.

Asdo :